



FLAVIA CAMPOS LAGES, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE PONTECESURES

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local deste Concello, na sesión celebrada o día 31 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“4º.- APROBACIÓN DO NOVO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DO CONTRATO PATRIMONIAL PRIVADO POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA O “ALLEAMENTO DE APROVEITAMENTOS MADEIREIROS A RESULTA DE CLARAS NO MONTE DE U.P. SALGUEIRAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DE PONTECESURES” (627/2022)

Polo señor Alcalde, procédese a explicar este punto:

Visto que tras proceder á licitación para o contrato do Alleamento de aproveitamentos madeireiros no monte Salgueiras, esta quedou deserta.

Visto o novo expediente para proceder á licitación por procedemento aberto simplificado mediante contrato patrimonial de carácter privado para o alleamento mediante poxa, de aproveitamentos madeireiros no monte Salgueiras, coas seguintes características:

Órgano de contratación: Xunta de goberno local (por delegación da Alcaldía mediante Decreto número 2019-0448 de data 25/09/2019).	
Procedemento contratación: Poxa pública á alza, mediante procedemento aberto simplificado.	
Tipo contrato: Patrimonial de carácter privado.	
Tramitación: Ordinaria	
Obxecto do contrato: <i>Alleamento de aproveitamentos madeireiros a resulta de claras no monte de U.P. Salgueiras de titularidade municipal de Pontequesures</i>	
Valor estimado: 6.973,40 €	
Presuposto base licitación: 8.437,81 € (incluído IVE).	
Prezo (sen IVE): 6.973,40 €	IVE (21%): 1.464,41 €
Prazo de execución: 4 meses	
Destino dos fondos resultantes da venda: -40 % para Fondo de Melloras do Comité provincial de Montes -60% para o Concello, que será reinvestido na eliminación de acacias na zona do Miradoiro do Galiñeiro.	

Á vista do expediente de contratación no que se inclúe providencia de alcaldía de incoación de expediente, informe de secretaría do procedemento a seguir, prego de





prescricións técnicas, características e localización do alleamento e prego de cláusulas administrativas particulares; a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDA

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación mediante poxa pública para *Alleamento de aproveitamentos madeireiros a resulta de claras no monte de U.P. Salgueiras de titularidade municipal de Pontecesures*, mediante contrato patrimonial privado, por procedemento aberto simplificado.

SEGUNDO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerá a contratación, cun valor estimado de alleamento a poxa de 6.973,40 €.

TERCEIRO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante da Plataforma de Contratación do sector público, co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CUARTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

E para que así conste e surta os efectos oportunos, emito o presente certificado, por orde e co V^a. Pce do Sr. Alcalde-Presidente do Concello, D. Juan Manuel Vidal Seage, en Pontecesures, na data da firma electrónica indicada á marxe coas reservas que establece o artigo 206 do vixente ROF e RG das E.E.L.L.

